

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AUGAS DE GALICIA**

EXTRACTO da Resolución do 29 de decembro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, destinadas á mellora das instalacións das comunidades de usuarios de abastecemento para consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento AU232A).

BDNS (Identif.): 878396.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/878396>

Primeiro. Entidades beneficiarias

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as comunidades de usuarios coa finalidade de abastecemento de auga para consumo humano legalmente constituídas na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas previsións do Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.

Segundo. Obxecto

Establecer as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para a mellora das instalacións das comunidades de usuarios de abastecemento para consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia e convocar estas subvencións para o ano 2026 (código de procedemento AU232A).

Terceiro. Bases reguladoras

Publícase conxuntamente este extracto coa Resolución do 29 de decembro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para a mellora das instalacións das comunidades de usuarios de abastecemento para o consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento AU232A).



Cuarto. *Importe*

As subvencións reguladas ao abeiro desta resolución financiaranse con cargo á conta financeira 6568 (subvencións de capital a familias e institucións sen fins de lucro) da entidade pública empresarial Augas de Galicia, proxecto de gasto de subvencións para as melloras de pequenos abastecementos no ámbito rural e apoio ás comunidades de usuarios, cunha dotación de cincocentos mil euros (500.000 €), aplicación orzamentaria 06.82.542B.781.0.

O importe das subvencións para a mellora das instalacións das comunidades de usuarios de abastecemento para consumo humano será, como máximo, do 80 % do investimento da actuación proposta, co límite máximo de quince mil euros (15.000,00 €) por solicitude, incluído o imposto sobre o valor engadido (IVE), ata esgotar o crédito previsto nesta resolución de convocatoria.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará ás 9.00 horas do día 16 de febreiro de 2026 e rematará ás 14.00 horas do día 16 de marzo de 2026.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

Ángeles Vázquez Mejuto
Presidenta de Augas de Galicia

CVE-DOG: tx2cfta5-tum7-6ww3-5z04-p2tyh6pf4wfo

